Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 31532**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a simplificación da burocracia nos centros educativos co fin de racionalizar as tarefas do profesorado e optimizar o seu labor docente"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"Desde o curso 2025/26 está en desenvolvemento o plan para a redución da burocracia nos centros educativos, co que se dá cumprimento a un dos puntos pactados no Acordo de mellora educativa asinado coas organizacións sindicais CCOO, ANPE e UXT.

A Xunta de Galicia atende unha das demandas do profesorado en toda España, reducindo os tempos, os trámites e a carga de traballo administrativo en beneficio do alumnado e das tarefas de índole académica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:34:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44750
Data envío: 11/01/2026 23:34:03,215

CSV: BOPGDSPG-AW7jolyG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 31804**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"a situación dos cooperativistas do proxecto de Galivivienda en Xuxán, A Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A cuestión que dá lugar á pregunta xa foi contestada de maneira oral (POC 31803) polo Secretario Xeral de Vivenda e Urbanismo o pasado 11 de setembro de 2025 na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e servizos, ao seu dispor na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/W1nvgsLtUUQ5a4s5NYw5LAREccR3UQsEbGEknOQC8VfsLUg>

Ao respecto cómpre reiterar que a actuación da Xunta de Galicia no caso da cooperativa Galivivienda foi correcta, cumprindo con total dilixencia e transparencia todas as obrigas que lle correspondían neste procedemento.

Como actualización da exposición realizada polo Secretario Xeral de Vivenda e Solo en Comisión, cómpre indicar que o Consello da Xunta do pasado 29 de decembro aprobou a concesión dunha axuda directa á cooperativa Galivivienda por importe de 10,7M€ para garantir a viabilidade do proxecto para construción de vivenda protexida en Xuxán, no concello da Coruña.

Esta actuación permitirá asegurar a edificación dos catro inmobles con 224 vivendas que se ofrecerán en réxime de alugueiro accesible.

A medida responde á necesidade de asegurar o proxecto ante a incerteza derivada do financiamento a través do ICO e a posible non disposición da axuda europea, de modo que os fogares previstos queden protexidos e accesibles para as familias.

Os requisitos para a concesión da axuda inclúen que non se prorroguen os prazos de finalización das obras do programa de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) nin se aprobe polo Estado un financiamento específico para estas obras. Deste xeito, en ningún caso, poderán percibirse acumulativamente con estas axudas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Así mesmo, outro requisito é que se asine antes do 31 de agosto de 2026 o préstamo co ICO que garanta a viabilidade da promoción, debendo acreditar ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a subscrición do dito préstamo e que Galivivienda ofrezca aos cooperativistas que se deron de baixa á posibilidade de reincorporación.

Dado que Galivivienda leva case dous anos intentando obter este financiamento e ante a imposibilidade de garantir a continuación do financiamento estatal ou europeo tras xuño de 2026, a axuda directa da Xunta busca garantir que os 224 fogares previstos poidan construírse e accederse en alugueiro. Deste xeito, protexeráse tanto a inversión realizada polos cooperativistas como a súa posibilidade de acceder a vivenda protexida.

Como antecedentes, indicar que a Xunta puxo a disposición da cooperativa solo público en condicións altamente vantaxosas, cun canon simbólico, e concedeu máis de 10 millóns de euros en axudas procedentes dos fondos europeos, asegurando así o marco necesario para desenvolver as 224 vivendas protexidas previstas. Ademais, mantivo sempre unha posición firme en defensa dos cooperativistas, rexeitando as condicións de financiamento impostas polo ICO que desvirtuaban o carácter social do proxecto e facían inviable o acceso ás vivendas.

Cómpre destacar tamén a implicación constante da Xunta, que exerceu unha mediación activa ante o Ministerio de Vivenda e o propio ICO, esixindo solucións e reclamando certezas sobre a prórroga dos fondos europeos vencellados a estas promocións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44749
Data envío: 11/01/2026 23:33:57,398

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:33:57

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 31843**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"a postura do Goberno galego ante as reivindicacións das profesionais e dos profesionais do servizo de asistencia xurídica gratuíta"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se indicou noutras ocasións, o recoñecemento do dereito de folga dos profesionais da quenda de oficio non lle corresponde á Xunta de Galicia, por canto non ten cabida no ámbito das súas competencias e porque non existe disposición legal algunha que ampare o pretendido dereito, nin resolución xudicial ditada polo órgano competente da xurisdición social que o recoñeza.

Segundo os datos remitidos pola Amtega, a folga supuxo a suspensión de 1.354 actuacións.

O 9 de novembro de 2023, a Dirección xeral de Xustiza recibiu un escrito, asinado pola Secretaría Xeral do Sindicato VENIA ADVOCATORUM UNIO (VENIA), no se que comunicaba que a folga comezaría o 21 de novembro con carácter indefinido.

A Xunta de Galicia está negociando o novo acordo co Consello da Avogacía Galega e debe terse en conta que o acordo actual foi obxecto de melloras, de introdución de novos conceptos e que acolleu unha simplificación da tramitación das certificacións dos profesionais, precisamente para garantir a prestación deste servizo público tan esencial como necesario.

Indicar tamén que a Xunta de Galicia cumpre co disposto no artigo 45 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño, e así a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 30 de xaneiro de 2025 no que se fixa nun 8% a cantidade para atender os gastos derivados do funcionamento operativo dos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:19:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44929
Data envío: 13/01/2026 01:19:01.660

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 32096**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da necesidade de apoiar economicamente ás familias con dificultades para garantir o acceso universal ao deporte infantil"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo secretario xeral para o Deporte en resposta á pregunta oral número 32095, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 1 de outubro de 2025 á que nos remitimos.

A resposta completa do secretario xeral para o Deporte pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGEwYmE0NWYtZDkxNy00OTU0LWFhYWQtYTBLOGY0NDUyY2lw&start=8285>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGEwYmE0NWYtZDkxNy00OTU0LWFhYWQtYTBLOGY0NDUyY2lw&start=9003>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:18:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44928
Data envío: 13/01/2026 01:18:54.570

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 32594**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a valoración do Goberno galego acerca da eficiencia e a eficacia no funcionamento dos Servizos de Emerxencia Supramunicipal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Aínda que sempre hai marxe de mellora, os Grupos de Emerxencias Supramunicipais están a desenvolver unha labor importante, moi ben valorada pola sociedade e pola propia Administración autonómica.

O criterio de distribución de medios e recursos en materia de emerxencias responde a parámetros obxectivos e contrastables, fundamentados en análises técnicas, na dispoñibilidade de efectivos e na realidade territorial.

A prestación do servizo de protección civil e a xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, corresponde ás administracións locais. Pese a non ter competencias a este respecto, a Xunta de Galicia asume máis da metade do financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal, aos que ademais lle facilita material e asume o custo da formación do persoal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:12:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44926
Data envío: 13/01/2026 01:12:10.283

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33048**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luís Bará Torres, sobre **"a transparencia informativa en relación coas causas da rescisión de contratos no Servizo de Transporte Público de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta aposta pola mellora continua do autobús interurbano para ofrecer un servizo público eficiente e eficaz para atender as necesidades de mobilidade das persoas usuarias nas mellores condicións.

Nese traballo de revisión continua, a Xunta estuda todas as medidas que sexan adecuadas para adoptar as decisións que correspondan, atendendo ao interese xeral.

As concesións do Plan de Transporte Público de Galicia contan en xeral con marxe para atender novas necesidades, o cal deu lugar a múltiples melloras da oferta de servizos en toda a comunidade ao longo dos últimos anos.

Con todo, tamén cabe ter en conta as circunstancias sociais e económicas que afectaron ao transporte público desde a licitación das concesións do Plan de Transporte Público de Galicia, que afectaron tanto á evolución da demanda do autobús interurbano como aos custes para as empresas concesionarias.

Neste contexto, a Xunta non vai deixar de atender as necesidades de mobilidade da cidadanía, aínda que supoña actualizar algún contrato de autobús.

No caso dos contratos resoltos por mutuo acordo, os contratistas solicitaron un procedemento para o restablecemento do económico financeiro ou, alternativamente, a resolución dos ditos contratos.

Cabe ter en conta que a resolución de contratos por mutuo acordo debe cumprir dúas condicións: que non existan causas de resolución imputables ao contratista e que existan razóns de interese público e circunstancias obxectivas na execución do contrato que fagan inconveniente a súa permanencia.

Así, na tramitación das solicitudes tívose en conta que a desviación das previsións de demanda recollidas nos estudos da Administración ou nos estudos que puidesen realizar os concesionarios non impide a execución dos contratos nin en ningún caso existiron incumprimentos substanciais das obrigas contractuais por dolo ou culpa dos adxudicatarios, os cales supoñerían a resolución dos contratos atendendo ao establecido na normativa da contratación pública e nos pregos das concesións do PTPG.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Non obstante, observáronse situacións de interese público para proceder a unha resolución por mutuo acordo. As novas licitacións dos contratos son unha oportunidade para axustar os servizos ás demandas e circunstancias actuais, mesmo ao acordo do Parlamento de Galicia referido ao contrato XG847, así como implantar novas melloras que cumpran os compromisos do Goberno galego.

Neste momento non existen situacións que limiten a participación de ningunha empresa nas novas licitacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44922
Data envío: 13/01/2026 01:11:46,750

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33172**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"o grao de accesibilidade no proxecto de construción de vivendas públicas da Xunta de Galicia nas parcelas cedidas polo Concello da Coruña no barrio dos Rosais e outras dúas rúas desta cidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta segue a traballar para acadar o reto de duplicar o parque público de vivenda nesta lexislatura. O obxectivo é ter en 2028, 4.000 máis, e xa hai máis 3.000 en diferentes fases de execución, poñendo en marcha nesta anualidade as 1.000 restantes.

O Goberno galego asinou o pasado 19 de xuño de 2025 co Concello da Coruña un acordo mediante o cal este Concello cede 4 parcelas á Xunta de Galicia, nas que se poderán construír un cento de vivendas públicas, cun investimento autonómico previsto de 19M€.

A sociedade de vivenda da Xunta de Galicia, Vipugal, publicou no perfil do contratante o pasado xuño a licitación da redacción dos proxectos das 58 VPP previstas na parcela dos Rosais; das 11 en Rei Abdullah, preto da praza Porticada; e a licitación para 30 máis nas dúas parcelas de Pedro Fernández.

Xa están adxudicados os proxectos de Praza Porticada (11 vivendas), Rosais (58 VPP) e Pedro Fernández. Os proxectistas contan cun prazo de 5 meses para a redacción, paso previo á licitación de obra.

O Goberno galego, ademais de construír vivenda en solos de titularidade autonómica, está a avanzar cara á construción de fogares en parcelas de titularidade municipal grazas a colaboración de múltiples concellos interesados como foi o caso na Coruña, Teo, A Estrada, Lalín, Lugo, Pontevedra, Ames, Vilagarcía, Mos, Carballo, Narón, Bueu, Arteixo, Culleredo e San Cibrao das Viñas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:26:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44746
Data envío: 11/01/2026 23:26:21.303

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33270**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da urxencia das actuacións que necesita a ponte medieval de Ponte Sampaio e a súa contorna"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A ponte Sampaio comunica Pontevedra e Soutomaior, seguindo a estrada autonómica PO-264.

O pasado 15 de decembro esta ponte medieval estreou nova iluminación instalada pola Xunta de Galicia que realza a súa beleza e reforza a seguridade viaria na contorna, un primeiro fito dos traballos de posta en valor desta estrutura que está a desenvolver o Goberno galego.

O novo alumeadado esténdese polo peitoril e o exterior da ponte con máis de medio centenar de luces LED, o que contribúe a renovar o aspecto desta infraestrutura e a mellorar a seguridade de peóns e condutores.

Esta iluminación forma parte da obra de posta en valor da ponte que está a acometer a Xunta, mobilizando un investimento de case 500.000€.

Esta intervención, cuxo remate integral se prevé para a vindeira primavera, inclúe labores de conservación, renovación de pavimentos, a substitución dunha varanda, zonas de axardinamento ou a limpeza de paramentos exteriores da ponte.

Os traballos avanza a bo ritmo, restando por executar o adoquinado, a colocación de lousas dun lado da ponte e o aglomerado dun tramo da travesía do lado de Pontevedra.

A intervención en marcha foi deseñada coa máxima exixencia e coidado, habida conta da importancia desta actuación sobre un lugar de paso da veciñanza, pero tamén de milleiros de peregrinos, que cada ano cruzan cara a Santiago, seguindo o Camiño Portugués".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44921
Data envío: 13/01/2026 01:11:40,254

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33460**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outras deputadas e deputados, sobre **"as accións previstas pola Xunta de Galicia no que concirne á mellora da situación profesional e laboral do profesorado dos centros de ensino públicos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia durante a comparecencia con número 33965 debatida o 23 de setembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas. Nela abórdanse as distintas cuestións que se formulan na iniciativa, a maior parte delas, relativas ao desenvolvemento e aplicación das medidas de recollidas no Acordo de mellora educativa asinado coas organizacións sindicais CCOO, ANPE e UXT.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDE5NjhkZDktYzY5S00OWE5LWJhZDktNzU1YjllYTQyM2U0&start=8218>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:26:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44743
Data envío: 11/01/2026 23:26:03,863

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33485**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outras deputadas e deputados, sobre **"as previsións do Goberno galego canto á mellora da oferta de servizos complementarios no sistema educativo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 1945 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 12 de xuño de 2024; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2QxOTJjZjMtYTQwOC00ZWVmLTgyNmEtNGI5Y2EzMDFmZTQ5&start=6440>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:25:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44740
Data envío: 11/01/2026 23:25:45,668

CSV: BOPGDSPG-AW7jolyG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33672**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, dona Iria Taibo Corsanego e don Daniel Castro García, sobre **"a aplicación no presente curso escolar do Plan de acollida e apoio educativo ao alumnado estranxeiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está desenvolvendo o programa galego de acollida e apoio educativo ao alumnado estranxeiro, unha iniciativa destinada a favorecer a inclusión efectiva do alumnado procedente doutros países.

Precisamente, hai uns días, no Parlamento de Galicia trasladouse que, este curso, se porá en marcha un proxecto de inclusión cultural, recollido no programa, para promover a inclusión a través do coñecemento das diversas tradicións, valores e prácticas da cultura galega".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:23:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44738
Data envío: 11/01/2026 23:23:25.328

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33835**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de adoptar compromisos nos orzamentos de 2026 para pór en marcha a reforma integral das instalacións do CEIP de Prácticas da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 33834 e debatida na Comisión 4ª: Educación e Cultura do 12 de Novembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNIYTAzMDI3YjUz&start=9651.487>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:23:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44737
Data envío: 11/01/2026 23:23:18.830

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33844**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as necesidades do CEIP Ana María Diéguez, de Rianxo, relativas á súa dotación docente, especialmente de profesorado especialista"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 33843 e debatida na Comisión 4ª, Educación Cultura, o 2 de outubro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODJhM2YzY2EtZWRI MS00NzI2LTlhY2YtZjdiZTUzNjE2Yjk3&start=7672>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:23:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44735
Data envío: 11/01/2026 23:23:07,962

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34107**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do prazo para completar todo o territorio galego con mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A transversalidade na loita contra a violencia de xénero lévanos a colaborar cos que están máis preto das vítimas: os concellos e entidades do terceiro sector.

No caso dos concellos, contamos coa Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero. É no marco da que se teñen constituído as mesas locais de coordinación. O seu número duplicouse nos últimos oito anos, pasando de 64 a 112 actuais. Máis da metade dos concellos galegos forman parte dunha mesa local, en concreto 162.

Outro dos recursos públicos de proximidade son os Centros de Información á Muller (CIM) que ademais de sensibilizar e prestar asesoramento, axudan a detectar moitos casos que pasan inadvertidos. Actualmente estamos a desenvolver o Plan integral de actuación para o seu impulso.

Dentro das funcións do persoal dos centros de crise 24 horas está a sensibilización e a formación en materia de violencia de xénero.

Ademais, a Xunta financia outra serie de programas no eido educativo, como: o programa *"O machismo é violencia, con todas as letras"*, un proxecto pioneiro que leva o relato das vítimas de violencia de xénero ás aulas, e que tivo unha excelente acollida por parte de profesores e alumnos. Un programa impartido en 33 centros de 3º e 4º da ESO, chegando a máis de 2.000 mozos e mozas.

Ou o plan Proxecta para a promoción da igualdade e prevención violencia de xénero e violencia sexual nos centros de primaria e infantil.

No ámbito da igualdade, destacan: Os centros Quérote+, con obradoiros de prevención de violencia de xénero, bo trato, sexualidade, benestar emocional e diversidade sexual.

Os programas de apoios para concellos e ANPAS para accións de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45837
Data envío: 15/01/2026 15:59:29.565

E puxemos en marcha as áreas de sensibilización e puntos lila e arco da vella nos festivais de música do verán.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:59:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45837
Data envío: 15/01/2026 15:59:29.565

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34109**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a previsión que ten o Goberno galego respecto da negociación co Ministerio do Interior para renovar o convenio que regula a Unidade de Policía Adscrita de Galicia co fin de poder incrementar os seus efectivos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego fixo o pasado mes de febreiro unha contraproposta á modificación das condicións que unilateralmente pretende introducir o Ministerio do Interior para renovar o convenio que rexe o mantemento da UPA e que o Goberno central se comprometeu a estudar, sen que ata o momento trasladara ningunha valoración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:59:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45835
Data envío: 15/01/2026 15:59:17.778

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34201**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa recomendación da Valedoría do Pobo verbo do procedemento de declaración de discapacidade no caso das vítimas de violencia de xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Con respecto á valoración da discapacidade a vítimas de violencia de xénero, indicar que xa teñen preferencia na valoración.

O artigo 16 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece:

"Artigo 16. Orde de prelación na tramitación dos procedementos

1. Os procedementos inicianse por orde de entrada. Cando o órgano da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais entenda que existen razóns de interese público, obxectivamente motivadas, poderá alterar esta orde.

2. Non obstante o disposto no punto anterior daráselles prioridade ás solicitudes urxentes polos seguintes motivos debidamente xustificadas:

Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que se poida ver afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:51:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45828
Data envío: 15/01/2026 15:51:25.957

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34203**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"o nivel da cobertura actual da Rede de puntos de encontro familiar"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Noutras comunidades autónomas, este servizo é prestado polas administracións autonómicas e locais. No caso de Galicia, é prestado e sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia sen que os concellos acheguen financiamento algún.

Os PEF realizan intervencións relacionadas coa execución do réxime de visitas, como por exemplo as entregas e recollidas das e dos menores, visitas tuteladas ou visitas supervisadas.

Pero ademais do cumprimento do réxime de visitas, os profesionais dos PEF tamén levan a cabo outras intervencións coma o deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores, coa finalidade de acadar a normalización das relacións familiares; a orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e aos menores; a intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras, ou intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e aos seus fillos para que as relacións entre eles se cheguen a normalizar e a realizar coas maiores garantías posibles.

En todo caso, os PEF traballan baixo o principio de temporalidade, é dicir, trabállase sempre de cara a normalizar as relacións familiares, e non a cronificar estas intervencións.

En canto aos profesionais que traballan nos PEF, falamos de equipos multidisciplinares que están compostos, polo menos, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes do ámbito da psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia púxose en marcha no ano 2000 e está integrada por oito centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e tamén na comarca do Barbanza.

O Goberno galego iniciou, polo tanto, nesta comarca de Barbanza, a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar, consciente de que era necesario ampliar o seu número para darlle máis facilidades ás familias usuarias deste servizo. Froito desta importancia que os PEF teñen para a Xunta de Galicia, xa se teñen iniciado as actuacións correspondentes para elevar esa cifra con novos puntos de encontro familiar nas outras tres provincias galegas onde aínda non se ampliara a rede."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:51:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45826
Data envío: 15/01/2026 15:51:14.055

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34205**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego e dunha actualización da súa normativa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os Centros de Información á Muller (CIMS) son uns servizos que dan servizo a preto de 200 concellos en Galicia e que atenden de media cada ano a 17.500 mulleres. Trátase de recursos imprescindibles para ofrecer unha atención e apoio de calidade a calquera muller que o precise, garantindo a proximidade e a rápida actuación.

É importante lembrar que o Goberno galego puxo en marcha o Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIMS que permite coñecer a realidade deste servizo e blindar a súa atención. Así mesmo, o Executivo galego destinou no ano 2025 6,5 millóns de euros para a mellora destes recursos, un 30% máis que o ano anterior.

Co obxecto de seguir redobrando os esforzos no rural e nos máis novos, a Xunta de Galicia vai ampliar a rede con catro CIMS móbiles que percorreren os concellos máis pequenos e despoboados e que estarán, a súa vez, presentes nos sete campus universitarios galegos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:51:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45824
Data envío: 15/01/2026 15:51:02.042

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34239**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de incluír nos orzamentos de 2026 partidas para abordar unha reforma integral do CEIP Cidade Vella, da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 34240 e debatida na Comisión 4ª, Educación Cultura, o 12 de Decembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTViZDg5NDQtMTQzMj00M2lxLTk4YjMtODQwODg5Y2FjZDU3&start=8780.992>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44916
Data envío: 13/01/2026 01:11:11.086

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34261**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as previsións da Consellería do Mar respecto da situación das mariscadoras de Camariñas durante o período de prohibición da actividade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de decembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 38833, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=MjE5Yzk1ZTZQTmZmQzYi00OGY2LWJjZGQzM2M3NjlyZjZjNWY3&start=9660Na](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjE5Yzk1ZTZQTmZmQzYi00OGY2LWJjZGQzM2M3NjlyZjZjNWY3&start=9660Na)

devandita sesión, o Goberno informou sobre a situación do marisqueo na ría de Camariñas e as actuacións previstas pola Consellería do Mar destinadas a conseguir a viabilidade do sector nesta ría".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:50:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45822
Data envío: 15/01/2026 15:50:50.129

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34272**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Óscar Insua Lema e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"as intencións da Xunta de Galicia respecto da participación dos grupos parlamentarios e da Fegamp na elaboración da futura lei de Administración local"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Un dos retos do Goberno galego é o impulso dunha nova Lei de Administración Local de Galicia, que suporá unha reforma integral logo de case 30 anos de vixencia da anterior e que estará adaptada á realidade do mundo local galego.

Para a elaboración do texto do borrador da nova Lei de Administración Local de Galicia iniciouse, por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, un proceso participativo que permitiu tomar en consideración a opinión de expertos e profesionais de distintos sectores do mundo local.

Así, no marco do convenio de colaboración entre a e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Universidade de Vigo, foi iniciado o proceso de revisión, mellora e actualización do marco lexislativo en materia de administración local de Galicia. Paralelamente, ademais, impulsáronse outros procedementos participativos cuxas conclusións, informes e estudos tamén son tidos en conta no borrador da nova Lei, que en vindeiras datas será sometido aos distintos trámites de información pública, audiencia e participación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45819
Data envío: 15/01/2026 15:50:32.314

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:50:32

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34308**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, dona Cristina Fernández Davila e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto dos problemas que sofre o alumnado do IES de Curtis co transporte escolar"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia garante que todo o alumnado con dereito ao transporte escolar gratuíto dispón de servizos para acudir ao seu centro, adoptando as medidas que sexan necesarias para atender os seus desprazamentos.

No caso do IES de Curtis, este curso funcionan 8 liñas de transporte para o alumnado de ensino obrigatorio, 5 delas integradas e 3 do transporte escolar de uso especial.

O Goberno galego é plenamente consciente do papel do transporte público na realidade dos estudantes en etapas postobrigatorias, xa que este facilita o acceso á educación en termos de igualdade, reducindo custos e incentivando a sostibilidade ambiental.

Este alumnado pode empregar as prazas dispoñibles nos servizos escolares e nas liñas integradas, así como noutros servizos de uso xeral. Neste sentido, cómpre ter en conta que existen servizos de autobús de uso xeral que teñen hora de paso por Curtis ao redor das 8 da mañá, e que contan con paradas en Boimorto, Sobrado, Vilasantar, Mesía e Curtis. Deste xeito, tamén estes servizos poden atender as circunstancias concretas dalgúns escolares. Ademais, poden acceder de balde ao transporte público empregando a tarxeta TMG Xente Nova.

Para o incremento de servizos, no marco do Plan de Transporte Público de Galicia prevese a posibilidade de que as administracións autonómica e local acorden a implantación de novos servizos ou o incremento dos existentes, coa sinatura de convenios que materialicen a colaboración para establecer servizos de interese municipal, coñecidos como SIMU.

Este recurso ten dado solución a necesidades de mobilidade de carácter local de distintos concellos, establecendo un servizo deseñado á medida para ofrecer unha solución duradeira que atende as conexións de interese municipal. De xeito concreto, dos 11 convenios SIMU que están vixentes na comunidade, os asinados cos concellos de Tordoia e de Cerdedo-Cotobade habilitaron liñas para atender principalmente os desprazamentos de estudantes de ensino non obrigatorio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A opción de activar un SIMU en Curtis para dar resposta á demanda concreta de estudantes de ensino non obrigatorio do IES de Curtis foi unha posibilidade abordada entre a Xunta e o Concello xa en anos anteriores.

Tendo en conta que de cara ao presente curso escolar o Concello de Curtis contratou un servizo para o alumnado, a Xunta confía en que nas próximas semanas se poida avanzar nun convenio SIMU en Curtis.

Cabe lembrar que nas liñas SIMU se aplican as mesmas tarifas que no resto de servizos do transporte público de Galicia e a Xunta mantén os mesmos descontos e vantaxes para as persoas usuarias, polo que a Administración autonómica financia a gratuidade das viaxes dos/as menores de 21 anos que empregan coa tarxeta Xente Nova e dos/as maiores de 65 anos que viaxan coa Tarifa +65".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:44:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45814
Data envío: 15/01/2026 15:44:49.691

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34340**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a situación das infraestruturas dos centros de educación infantil e primaria do concello de Melide, nomeadamente do valado exterior do CEIP Martagón"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 34340 e debatida na Comisión 4ª, Educación Cultura, o 12 de Novembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNIYTZMDI3YjUz&start=11821.658>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44915
Data envío: 13/01/2026 01:11:04.752

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34345**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outras deputadas e deputados, sobre **"as accións impulsadas pola Xunta de Galicia a partir de liñas de traballo ou propostas da Mesa de Traballo do Marisqueo, constituída en maio de 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de novembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 34344, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDNjNTY0NjltM2ZiNy00MDdjLTk4NWQtYmExYjNiZDFmOTI1&start=7008.007>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a situación produtiva do marisqueo nas rías galegas, os resultados e o balance da actividade da Mesa de Traballo do Marisqueo, constituída en maio de 2024, e outras accións previstas pola Xunta de Galicia nesta materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:44:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45813
Data envío: 15/01/2026 15:44:43.831

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34368**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros deputados, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego verbo do remate da conexión entre Ferrol e Ortigueira a través da vía de alta capacidade Costa Norte"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A VAP Costa Norte é unha vía de alta capacidade proxectada para unir a AG-64 (San Sadurniño) coa A-74 na Mariña Lucense. Para desenvolver os máis de 81 quilómetros estímase un custo total actualizado que podería superar os 1.000 millóns de euros.

Na actualidade conta con dous treitos en servizo:

-O treito que serve de Variante de Ortigueira, cunha lonxitude de 8,5 km, púxose en servizo en xullo de 2013 e requiriu dun investimento de 48,8 M€.

-O treito entre Celeiro e San Cibrao, de 7,8 km. Posto en servizo en xaneiro de 2017 tras un investimento de 50,0 M€.

En ningún momento a Xunta deixou de traballar no desenvolvemento desta vía de altas prestacións. Para seguir a avanzar, abordouse unha estratexia de mellora das comunicacións a curto, medio e longo prazo, con viabilidade económica, técnica e social, consensuada e tendo en conta a realidade territorial.

Neste marco de consenso, a curto/medio prazo, artelláronse melloras de capacidade e seguridade na AC-862 (AG-64-Ortigueira) e na AC-566 (Valdoviño-Cedeira), xa executadas.

Decidiuse darlle prioridade, por outra banda, á construción dos dous tramos situados nos extremos do vial na provincias de Lugo e A Coruña:

- Un novo proxecto construtivo da VAP no treito entre a autovía AG-64 e Sanguineira (San Sadurniño).

-E a Variante de Viveiro, adaptando trazados á normativa vixente para seren máis eficientes, con menos impacto e máis viables economicamente.

O treito AG-64 – Sanguineira, que se está a valorar, para dimbuír as afeccións no seu trazado, tanto por adaptarse mellor ao terreo como por afastarse do río máis próximo a San Sadurniño. Unha actuación que pode supor máis de 40M€, co que se podería ampliar a lonxitude total do trazado, ata acadar preto de 7,5 quilómetros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





No que respecta a Variante de Viveiro, a Xunta ven de presentar o pasado 23 de decembro a proposta para a variante leste, unha solución viable, funcional e respectuosa froito dunha planificación traballada e nada do consenso para ofrecer unha solución funcional ás comunicacións neste concello.

O obxectivo principal da Variante consiste en liberar tráfico do núcleo urbano, prevendo que preto dun 60% do tráfico —especialmente o transporte pesado— utilice a nova vía, xa que absorbería todos os desprazamentos de longo percorrido, a circulación cara ao porto de Celeiro, e parte do tránsito local. Isto traducirase nun incremento da seguridade viaria e nunha mellora nos tempos de traxecto.

O proxecto integral consta de algo máis de 10 quilómetros divididos en dúas fases: a variante oeste (cara ao Vicedo) e a variante leste. Esta última, que centra a actuación inmediata que, contará cun investimento de 37,6 millóns de euros para un trazado de 6,2 km, destacando, na súa configuración técnica, dúas grandes estruturas: un viaduto de 503 metros en Celeiro e un viaduto de 130 metros en Rego Fontecoba.

A Xunta traballa coa previsión de licitar o proxecto de construción desta variante leste neste primeiro trimestre do ano.

Para ambas as dúas funcionalidades, e especialmente para o tráfico de longo percorrido, é importante ter unha visión de conxunto e consistente e ter en conta, algo que se bota en falta na pregunta, que para a planificación da VAP Costa Norte por parte da Xunta ten que estar completa Autovía dá Mariña, A-74, por parte do Goberno do Estado. A VAP Costa Norte non pode supor unha alternativa para o tráfico de longo percorrido na Mariña, Ortegal e Ferrolterra sen a A-74 estatal.

O Goberno galego xa trasladou en numerosas ocasións, tamén a través desta Cámara, ao Goberno central a súa preocupación pola falta de avances na execución desta infraestrutura estratéxica para a vertebración da Mariña e para a mellorar a súa competitividade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:44:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45811
Data envío: 15/01/2026 15:44:30.328

CSV: BOPGDSPG-AW7jolyG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34395**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en práctica, no seu marco competencial, de medidas de loita contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 constituíu unha iniciativa pioneira a nivel autonómico, deseñada para articular diferentes políticas públicas que permitisen dar unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa prevención e erradicación.

A súa implementación contribuíu de maneira significativa á mellora da calidade de vida das vítimas e superviventes, maioritariamente mulleres e nenas, mediante a ampliación e mellora dos servizos e recursos dispoñibles. En liñas xerais, o plan permitiu habilitar espazos seguros para a protección, recuperación e reintegración social, ao tempo que se reforzaron os procesos de detección, identificación e protección das vítimas, consolidando os recursos de atención integral dirixidos ás mulleres, nenas e nenos afectados por esta forma de violencia.

Ao longo dos tres anos de vixencia do plan (2022-2024), executáronse 44 das 59 medidas previstas, o que supón un grao de cumprimento do 74,58 %. Así mesmo, cumpre mencionar que entre os logros máis salientables destacan:

Prevención e sensibilización social: Desenvolvéronse múltiples campañas de comunicación e xornadas divulgativas para aumentar a visibilidade e concienciación sobre a trata e a explotación sexual, especialmente entre a poboación máis nova.

Fortalecemento dos servizos de apoio integral: Melloráronse os recursos psicolóxicos, médicos, xurídicos e habitacionais, favorecendo unha atención máis ampla e eficaz ás vítimas e a súa reintegración na sociedade.

Reforzo dos mecanismos de detección, identificación e protección: A través da formación específica de profesionais dos ámbitos sanitario, xudicial e das forzas de seguridade, así como do desenvolvemento de ferramentas de intervención, avanzouse na mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas de trata.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Coordinación interinstitucional: Impulsouse a colaboración entre administracións públicas, forzas de seguridade e entidades especializadas como a Rede Galega contra a Trata, configurando un modelo de prevención e intervención conxunta. Esta coordinación supuxo un reto importante pola necesidade de aliñar múltiples actores e esforzos nunha estratexia común.

Impulso á investigación e sensibilización no ámbito universitario: Promovéronse estudos e accións de concienciación nas universidades galegas, fomentando a xeración de coñecemento e a reflexión crítica sobre a trata e a violencia sexual entre a comunidade universitaria.

Aínda que a avaliación global do plan é positiva e os avances acadados son notables, cómpre sinalar que determinadas medidas requiren de máis tempo para a súa completa execución.

Tendo en conta as medidas implementadas e os resultados acadados ao abeiro do I Plan, o Goberno galego traballa coas entidades sociais do sector para elaborar o II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2025-2027.

Pola contra, o Goberno central segue sen sacar adiante a Lei de trata que prometeu hai máis dun ano e da que non hai ningún avance”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:44:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45809
Data envío: 15/01/2026 15:44:17.281

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34405**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outras deputadas e deputados, sobre **"a eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e a entrada ilegal de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 16 de decembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 34407, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=YTBhNWRmNDUtMTI0OS00M2NkLThlYTctZjYzODEwZGU0Zml5&start=59.52](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTBhNWRmNDUtMTI0OS00M2NkLThlYTctZjYzODEwZGU0Zml5&start=59.52)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a loita contra o furtivismo no sector do mar galego e a entrada de produtos do mar foráneos ilegais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:52:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45797
Data envío: 15/01/2026 14:52:26.771

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34473**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"a previsión do Goberno galego de asumir as súas competencias ferroviarias, de mobilidade e planificación territorial para a cobertura das necesidades locais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego non ten competencias en materia ferroviaria, pero sempre apoiou a creación dunha rede de trens de proximidade como a que opera noutras comunidades, salientando que o estudo anunciado polo Goberno central debe ter en conta as necesidades de interconexión de toda a comunidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:51:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45790
Data envío: 15/01/2026 14:51:48,995

CSV: BOPGDSPG-AW7jolyG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o coñecemento que o Goberno galego ten da discriminación xerada pola desigualdade interseccional por idade e xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Estratexia Galega contra o Idadismo foi presentada pola Xunta de Galicia en xullo de 2025, convertendo a Galicia na primeira comunidade autónoma de España en contar cun plan específico para combater a discriminación por razón de idade. En 2026, esta estratexia atópase en plena fase de execución, integrada nas políticas transversais do Goberno galego.

A Estratexia articula as súas acción en tres grandes liñas: intervencións interxeracionais, actividades educativas e acción política e lexislativa.

Para o seu deseño contouse co asesoramento técnico da Cátedra de Idadismo da Universidade de Vigo, a única no seu xénero.

A Estratexia articula as súas acción en tres grandes liñas: intervencións interxeracionais, actividades educativas e acción política e lexislativa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:26:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45781
Data envío: 15/01/2026 14:26:18.708

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34565**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego que contribúan, baixo un enfoque integrado e integral, a eliminar toda forma de violencia contra as mulleres e a protexelas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero é unha prioridade absoluta para o Goberno galego, por iso contamos con recursos e medidas orientadas a combater esta lacra que nos afecta a todos como sociedade.

Neste senso, Galicia conta cun amplo sistema de protección tanto para as vítimas e os seus fillos, formada por: recursos habitacionais, a través dunha rede de vivendas de acollida por todo o territorio, Centros de Información ás Mulleres (CIM), axudas económicas directas e periódicas, atención xurídica e psicolóxica gratuíta ou programas que fomentan a inserción laboral.

A Xunta de Galicia aposta por reforzar programas de prevención creando novos de acción directa e implicando a outros sectores (empresarios e concellos) e achegando recursos á poboación.

Ademais, nos últimos anos a Xunta duplicou os programas de sensibilización e impulsou novos recursos para frear a violencia sexual. Esta aposta está dando resultados, de feito, somos a 2ª comunidade con menos violencia de xénero e a 4ª con menos violencia sexual de España.

Os cinco centros de crise 24 horas cos que conta Galicia, son centros de titularidade pública e gratuítos, fundamentais para dar a primeira atención ás vítimas e responder rapidamente ante unha agresión.

Con todo, insistimos en que a mellor maneira de protexer ás vítimas é a través da denuncia. Por iso, instamos a denunciar posibles casos ante as forzas e corpos de seguridade ou a través do número 016".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:26:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45779
Data envío: 15/01/2026 14:26:07.181

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Proposición non de lei sobre o establecemento dunha cláusula de garantía salarial para o persoal empregado público

Exposición de motivos:

Desde o ano 2010, o persoal empregado público está a sufrir unha perda continuada de poder adquisitivo que, supera xa o 20%. As políticas económicas impulsadas polos sucesivos gobernos do PP e do PSOE, xunto co impacto das crises económicas e a pandemia da COVID-19, tiveron consecuencias moi negativas nas condicións salariais do persoal ao servizo das administracións públicas.

A rebaixa salarial do 5% decretada no ano 2010, as conxelacións salariais posteriores e os acordos de incrementos retributivos inferiores ao Índice de Prezos ao Consumo (IPC) contribuíron ao progresivo empobrecemento do persoal público. Esta situación provoca que, a día de hoxe, moitas persoas traballadoras da administración teñan serias dificultades para facer fronte aos gastos derivados da vivenda ou mesmo para cubrir necesidades básicas.

A suba do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), aínda que necesaria, evidencia esta realidade cando os salarios dalgúns corpos e escalas básicas da administración vense igualados co SMI e soben coa suba deste, revelando así o nivel de deterioro retributivo do persoal público.

Desde a CIG-Administración Pública, defendemos o establecemento dunha **cláusula de garantía salarial**, vinculada ao IPC real e blindada por lei, que permita garantir que os salarios do persoal empregado público se actualicen automaticamente en función do custo da vida. Consideramos que esta cláusula debe constituír a base sobre a que artellar os futuros acordos salariais anuais ou plurianuais, co obxectivo de recuperar progresivamente o poder adquisitivo perdido.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para que presente de inmediato unha proposta lexislativa que estableza unha cláusula de garantía salarial para o persoal empregado público, de xeito que os seus salarios se actualicen automaticamente cada ano en función da suba do IPC real.
2. Solicitar que se especifique que esta suba automática será independente e complementaria dos incrementos salariais que poidan acordarse no ámbito da negociación colectiva xeral previsto no artigo 36.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 11:08:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 11:08:28
Nº Rexistro: 33764
Data envío: 11/09/2025 11:08:28.605

CSV: BOPGDSPG-AW7j0yG5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

